



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale a frase escrita correctamente en galego:

- A) O atleta lesionouse nun tendón durante a carreira.
- B) Rompiu o tendón de Aquiles e estivo varios meses de baixa.
- C) Os rils están situados na rexión lumbar e segregan a uriña.
- D) Desde que tivo o accidente, anda nunha silla de rodas.

2. Sinale a frase incorrecta en galego:

- A) Especializouse en medicina deportiva.
- B) As enfermidades hepáticas trátaas o especialista en medicina interna.
- C) A doenza deixouno moi fraco.
- D) Fracturou a clavícula ao caer do cabalo.

3. Indique a frase correcta en galego:

- A) Operárono dunha ernia no abdome.
- B) Operárono dunha hernia no abdomen.
- C) Operárono dunha hernia no abdome.
- D) Operárono dunha ernia no abdomen.

4. Indique a frase incorrecta en galego:

- A) Caeu do cabalo e magoouse nun cadril.
- B) A tibia e o peroné son os ósos da perna.
- C) O esterno atópase entre os músculos pectorais.
- D) Os golpes na nuca son perigosos.

5. Cada un dos órganos duros e sólidos que constitúen o esqueleto do home e dos animais vertebrados:

- A) Costelas.
- B) Óso.
- C) Rexión Costal.
- D) Oso.

6. Cal destas frases está escrita incorrectamente en galego?:

- A) Colleu frío e agora dóelle a garganta.
- B) Sentiuse enfermo de súpeto e houbo que chamar o médico.
- C) Existen distintos tipos de parotiditis.
- D) Levou un golpe no costado.

7. Indique a palabra correctamente escrita en galego:

- A) Esternón.
- B) Omóplato.
- C) Clavícula.
- D) Hombreiro.

8. Indique a frase incorrecta en galego:

- A) Fíxome un masaxe no lombo.
- B) As fregas de alcohol que lle dei non serviron para nada.
- C) Hoxe veño derreado dos cadrís.
- D) É raro que non teña algunha mágoa nos xeonllos ou nos cóbados.

9. Sinala a palabra incorrectamente escrita en galego:

- A) Xiringa.
- B) Sangue.
- C) Vacuna.
- D) Extracción.

10. Cal dos seguintes é un sinónimo do verbo escordar:

- A) Entortar.
- B) Torcer.
- C) Trochar.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

Preguntas de reserva

1. Cal destes substantivos non é sinonimo de rotura:

- A) Fractura.
- B) Rompedura.
- C) Compostura.
- D) Quebradura.

2. Cal destas frases está correctamente escrita en galego?:

- A) Recetáronlle unha crema para aliviar a contractura muscular.
- B) Xoan fracturou o húmero esquerdo.
- C) Detectáronlle unha fisura no omoplato.
- D) Fixéronlle unha delicada operación na pelve.